



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE PLANTA DE MANIPULACIÓN E ENVASADO DE PEIXE NO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR STOLT SEA FARM, SA (CLAVE: 2024/0060).

Antecedentes e motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada

A empresa Stolt Sea Farm, SA pertence ao grupo empresarial Stolt Nielsen, que é un dos grupos que lidera a produción de rodaballo e linguado a nivel mundial e na actualidade dispón de granxas acuícolas en Portugal e España, concentrándose a principal produción neste último país, concretamente na comunidade autónoma de Galicia, con cinco granxas na provincia da Coruña e unha na provincia de Lugo. Motivado por esta situación, Stolt Sea Farm, SA precisa dispoñer de instalacións centralizadas para o procesado, envasado e despacho para a venda da produción xerada nas granxas acuícolas.

Nese contexto, dentro do procedemento substantivo de autorización seguido pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético a instancia de Stolt Sea Farm, SA para a implantación dunha planta de manipulación e envasado de peixe no termo municipal de Rianxo (A Coruña), recíbese neste órgano ambiental, procedente da dita secretaría xeral, a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada.

O promotor motiva que o proxecto se someta a avaliación de impacto ambiental simplificada ao estar incluído no Grupo 2.b) do Anexo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (Instalacións industriais para o envasado e enlatado de produtos animais e vexetais), polo que de acordo co artigo 7.2.a), resulta preceptivo o sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada e a formulación do informe de impacto ambiental, con carácter previo á súa autorización administrativa, de conformidade co establecido no artigo 45 e seguintes da citada norma.

En consecuencia, o proxecto someteuse a avaliación de impacto ambiental simplificada segundo a dita Lei 21/2013, do 9 de decembro, e agora procede formular o informe de impacto ambiental (IIA), de acordo co artigo 47 desa lei.

1. Obxecto do proxecto e descrición. Localización. Promotor e órgano substantivo

1.1. Obxecto do proxecto e descrición

O obxecto do proxecto é a instalación e explotación dunha planta para o procesado, envasado e despacho para a venda da produción de peixe plano procedente das granxas acuícolas que a empresa promotora Stolt Sea Farm, SA dispón en Galicia e Portugal.

O proxecto obxecto de avaliación de impacto ambiental desenvolverase sobre unha área constituída por unha agrupación de parcelas de 28.326 m² e unha parcela anexa de 9.967 m², de superficie. Estas superficies estarán conectadas entre si mediante unha pasarela.





1.2. Localización

As instalacións proxectadas localízanse no Parque empresarial de Rianxo, no termo municipal de Rianxo (A Coruña), sobre as parcelas (adquiridas pola empresa promotora) P-37, P-38, P-46 e P-47, lindeiras e que constituirán unha parcela agrupada, e a parcela P-45.

1.3. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Stolt Sea Farm, SA e o órgano substantivo é a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, da Consellería de Economía e Industria.

2. Tramitación ambiental

O 19.04.2024 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada xunto co documento ambiental, remitidos polo órgano substantivo, xa que de acordo co indicado nos antecedentes, debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Logo de varios requirimentos relativos á documentación ambiental achegada, o 27.09.2024 o órgano ambiental notifícalle ao órgano substantivo o inicio do período das consultas que establece o artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 30.10.2024 realizouse unha reiteración de consultas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á Dirección Xeral de Saúde Pública, a Augas de Galicia e ao Concello de Rianxo, recibíndose o último dos informes o 19.12.2024.

Na seguinte táboa figura a relación de organismos consultados en relación ao documento ambiental, sinalando cun X aqueles dos que se recibiu resposta.

Organismos consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Saúde Pública	X
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Subdirección Xeral de Cambio Climático e de Ordenación do Litoral	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Augas de Galicia	X
Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación	X
Subdirección Xeral de Resíduos e Economía Circular	X
Concello de Rianxo	X





Sociedade Galega de Historia Natural	-
Federación Ecoloxista Galega	-

O documento ambiental estivo tamén dispoñible para o público en xeral a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Como resultado desa dispoñibilidade para a participación pública non consta a recepción de ningún escrito ou alegación ao respecto.

Como consecuencia das respostas recibidas, concretamente o informado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, o 06.11.2024 solicitouse ao promotor información complementaria para clarear e emendar determinados aspectos do documento ambiental, recibíndose esta o día 28.11.2024 e sendo informada posteriormente por dito organismo.

A continuación, resúmense os aspectos máis relevantes das respostas recibidas dos organismos consultados:

- A Dirección Xeral de Saúde Pública, nun primeiro informe e logo da análise da documentación ambiental achegada e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, conclúe que non se recolle información ou esta é insuficiente en relación a aspectos relativos á emisión de cheiros e á afección por ruído.

Nun segundo informe en base á documentación complementaria achegada polo promotor en contestación ao primeiro informe, a dita dirección xeral considera satisfeito o requirimento feito no informe previo, sen prexuízo do seguimento periódico que o promotor deberá realizar durante o funcionamento futuro da planta para verificar a eficacia das medidas que prevé implantar (illamentos acústicos interiores, exteriores, perimetrais e as medidas previstas para controlar as posibles emisións de cheiros, etc.), ou aquelas outras que sexan necesarias. Todo isto de acordo co Plan de vixilancia co que se garanta o cumprimento da lexislación ou recomendacións sobre as ditas materias.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, e considera correctas as medidas preventivas e correctoras contempladas, todo iso sen prexuízo dunha condición que se traslada ao condicionado deste IIA.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, tras expoñer os antecedentes administrativos e facer un resumo do proxecto no seu informe, sinala que a zona na que se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, nin está comprendido dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. Informa tamén que non afecta a ningunha zona húmida das recollidas no Inventario de humidaes de Galicia (IHG), que non están presentes árbores ou formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras e tampouco áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021. Informa que conforme ao Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España, na zona de actuación non se localizan teselas de hábitats de interese comunitario e/ou naturais prioritarios e recolle ademais un listado de especies de





fauna e flora incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), puntualizando que a referida información corresponde a un ámbito de 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara a realidade da análise. Esta dirección xeral sinala que o proxecto localízase como unha área tipificada como potencial dentro do ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 75/2013, do 10 de maio. Non obstante, non prevé ningunha afección sobre a especie ao non confirmarse a existencia de humidais no ámbito de actuación. En relación aos cursos fluviais, indica que o polígono industrial se encontra na conca hidrográfica fluvial do río Te, que se enmarca na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

A continuación, realiza unha análise do proxecto no cal indica que non se localiza dentro dos límites de ningún espazo natural protexido nin en ningún espazo protexido Rede Natura 2000, que as obras non afectarán directamente a hábitats de interese comunitario ou especies protexidas dada a localización destas nunha zona caracterizada polo nivel de antropización como é un polígono e finalmente contextualiza a localización da canle fluvial, correspondente ao río Te, respecto ao proxecto e a previsión de instalación de depuración para reducir a carga biolóxica das augas procedentes da nave de procesado.

O informe conclúe que, á vista dos antecedentes e da análise da documentación e da información existente nesa dirección xeral, considera que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se teñan en conta as consideracións indicadas no informe e que se trasladan ao condicionado deste IIA.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural realiza unha exposición dos feitos e inclúe as consideracións legais de aplicación, para posteriormente indicar as consideracións técnicas incluídas nos informes dos seus servizos de Arqueoloxía e de Arquitectura. Finalmente, conclúe que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no informe de impacto ambiental.
- A Subdirección Xeral de Cambio Climático e de Ordenación do Litoral sinala diversos aspectos no ámbito do ruído ambiental, da calidade do aire, dos olores, das emisións de gases de efecto invernadoiro e das emisións á atmosfera.

No ámbito do ruído ambiental reitera a importancia de cumprir cos condicionantes da lexislación en vigor, así como os que se establezan polo órgano ambiental durante toda a actividade da instalación. Seguidamente, expón unha listaxe da principal normativa en vigor e realiza aclaracións menores sobre a documentación aportada.

No relativo a calidade do aire, realiza unha serie de aclaracións sobre a avaliación da calidade do aire, para finalmente sinalar que non se prevé que exista afección pola actividade desta empresa, que se deben de asegurar a satisfacción dos valores límite establecidos na lexislación vixente e a adopción de medidas correctivas de resultar necesario e proceder a realizar campañas para verificar se existen afeccións ou non á calidade do aire, no caso de existir queixas ou denuncias.





No referido aos olores, considera axeitadas as medidas reflectidas na documentación e indican a necesidade de dispor dun Plan de xestión de olores no caso da existencia de queixas ou denuncias, sinalando os puntos que debe cubrir o dito plan.

No ámbito das emisións de gases de efecto invernadoiro, esa subdirección xeral considera que o proxecto non vai causar impactos ambientais significativos tendo en contas as medidas que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado.

En relación ás emisións á atmosfera, sinala que se trata dunha actividade potencialmente contaminadora da atmosfera pertencente ao grupo B e con código 04061703, de acordo co recollido no anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, actualizado polo Real Decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, e polo Real Decreto 1042/2017, do 22 de decembro. Indica que consecuentemente a actividade está sometida a autorización, por recollelo así o artigo 13.2 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, e sinala os requisitos para o dito proceso de autorización e as ligazóns electrónicas para a inscrición da instalación no rexistro informático eRegade-Capca e para acceder ás instrucións técnicas de atmosfera.

Finalmente, indica que se deberá cumprir coas obrigas xerais establecidas no artigo 6 do Real Decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, en relación coas emisións e o seu control.

- O Instituto de Estudos do Territorio emite informe no que tras indicar o marco legal e describir o proxecto e o contido do documento ambiental, caracteriza a paisaxe afectada polo proxecto. A continuación, procede a realizar unha análise do impacto do proxecto sobre a paisaxe para finalmente concluír que o proxecto non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben, para acadar unha mellor integración paisaxística, deberán aplicar unha serie de cautelas que se recollen no condicionado deste IIA.
- Augas de Galicia, tras expoñer os antecedentes, a lexislación aplicable e realizar unha análise da documentación, informa en relación a diferentes aspectos da súa competencia. No relativo á rede fluvial, sinala que o ámbito das actuacións encóntrase afectado pola zona de policía do río Te, polo que de acordo as consideracións lexislativas indicadas no informe, para a execución das actuacións previstas nesta zona será preceptiva a autorización administrativa previa ou declaración responsable ante ese organismo de bacía.

En relación coa planificación hidrolóxica, o informe recolle o indicado pola Subdirección xeral de Planificación dos Recursos Hídricos, quen expón os obxectivos da planificación hidrolóxica e realiza unha caracterización da zona que pode verse afectada polas actuacións propostas. Neste senso, en canto á situación das masas de auga e cursos fluviais que poden verse afectados polas actuacións, sinala os obxectivos establecidos e indica que a masa de auga río Te e a masa de auga subterránea a Barbanza atópanse en risco medio e risco baixo, respectivamente.

Asemade, indica as zonas protexidas incluídas no plan hidrolóxico vixente e a presenza na zona na que se proxectan as obras da ARPSI con código ES014-CO-05-01-09-01 Regato do Floxo, cun nivel de risco moi baixo. A continuación, realiza unha análise e valoración das posibles repercusións das actuacións propostas sobre os obxectivos da planificación hidrolóxica, en relación ao cumprimento dos obxectivos xerais da





planificación e as ARPSI, para concluír que as medidas preventivas e correctoras descritas son axeitadas e garanten, a priori, o cumprimento dos obxectivos medioambientais. Asemade, matiza a necesidade de evitar afeccións incompatibles cos obxectivos medioambientais propostos no plan hidrolóxico vixente e o emprego de Técnicas de Drenaxe Urbano Sostible (TDUS).

En relación aos abastecementos e aproveitamentos hídricos, indica as concesións e captacións existentes ou pendentes de tramitación no ámbito do proxecto e as consideracións legislativas de aplicación.

No tocante ao saneamento e vertidos, este organismo indica o destino dos efluentes líquidos orixinados polas instalacións propostas, as autorizacións de vertedura en tramitación ou existentes e as consideracións legislativas de aplicación neste eido. Asemade, expóñense os criterios a ter en conta para a actuación proposta e garantir en todo momento a non afección ao medio fluvial, baseados en medidas para impedir o arrastre e incorporación ao medio fluvial de terras, relativas a impermeabilización de soleiras para evitar a infiltración, a instalación de sistemas de seguridade e obstáculos físicos, etc.

Finalmente, este organismo conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o dominio público hidráulico (DPH), tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no informe, as cales se inclúen no condicionado deste IIA.

- O Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación expón as actividades consideradas como potencialmente contaminadoras do solo e as obrigas dos suxeitos titulares das ditas actividades. A continuación, sinala que a instalación contará cunha estación depuradora de augas residuais industriais (EDARI), e posto que o tratamento de augas residuais atópase incluído dentro do alcance do anexo I do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, ten a consideración de actividade potencialmente contaminadora do solo, polo que segundo o establecido no artigo 55.3 da Lei 6/2021, do 17 de xaneiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, o titular da instalación debe presentar un Informe Preliminar de Situación (IPS) previo ao inicio da actividade, co contido establecido no anexo II do citado Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro.

En relación aos impactos ambientais, este organismo non considera que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos coas medidas protectoras e correctoras propostas polo promotor. Non obstante, recolle o deber de contar con actuacións e plans de acción para a corrección de posibles afeccións ao solo derivadas de fugas, derramos accidentais, roturas de depósitos ou conducións e realizar un mantemento constante das zonas nas cales se almacenan substancias perigosas (materias e residuos).

- A Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular establece no seu informe unha serie de consideracións relativas aos residuos permitidos nos recheos, as obrigas do contratista en relación á produción e xestión de residuos da construción e demolición (RCD) durante a execución da obra e a inscrición, de acordo coa lexislación de aplicación en materia de residuos, da empresa construtora en función das cantidades de residuos que produce o proxecto.





- O Concello de Rianxo expón unha serie de reflexións sobre aspectos relativos aos efluentes xerados polo proxecto e a xestión destes, para concluír que non se causarán impactos ambientais significativos que afecten ás competencias en materia ambiental do Concello de Rianxo, sempre que se cumpran as medidas expostas no documento presentado.

3. Análise segundo os criterios do anexo III

Logo de analizar toda a documentación que obra no expediente e considerar as respostas recibidas nas consultas practicadas, que tamén forman parte do expediente, co fin de determinar de xeito motivado sobre os posibles efectos adversos significativos do proxecto sobre o medio ambiente e a necesidade de sometelo a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, a continuación resúmese a análise realizada en relación cos criterios recollidos no anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

3.1. Características do proxecto

O proxecto consiste na instalación dunha industria adicada ao procesado, envasado e despacho para a venda de peixe, dentro do parque empresarial de Rianxo, na provincia da Coruña. As instalacións empregarán como materia prima peixe plano, procedente na maior porcentaxe das instalacións de acuicultura propiedade do promotor sitas en Galicia (80% da materia prima) e en menor medida en Portugal (20% da materia prima).

De acordo coa documentación ambiental achegada, estímase unhas necesidades medias de materias primas nun intervalo temporal de 8.475 t/ano para o ano 1 e 13.047 t/ano para o ano 5. Asemade, para o mesmo marxe temporal prevese un volume de produto final a comercializar de 8.475 t/ano para o ano 1 e 13.047 t/ano para o ano 5.

O promotor adquiriu as parcelas P-37, P-38, P-46, P-47, todas elas lindeiras e obxecto de agrupación, e as parcelas P-31 e P-45. A agrupación de parcelas (P-37, P-38, P-46, P-47) e a parcela P-45 constituirán as superficies sobre as que se desenvolva o proxecto avaliado. Nunha segunda fase prevista para o ano 2034 e que non é obxecto deste proxecto, implantarase o edificio de Oficinas e I+D na parcela P-31, que se conectará coa agrupación de parcelas (edificio de produción) deste proxecto.

A execución do proxecto considera a construción das seguintes instalacións:

- Na parcela agrupada (P-37 + P-38 + P-46 + P-47):
 - **Edificio de produción**, cunhas dimensións de 190,50 m no seu lado máis longo, 176,54 m no lado do vieiro principal, 45,34 m no lado este, 61,45 m no lado oeste máis 59 m de lado ao oeste en perpendicular ao vieiro principal. Destinado a acoller os diferentes procesos de manipulación e envasado de peixe, disporá de peirao de carga de descarga de camiós e conta con marxe para futuras ampliacións.
 - **Edificio de servizo industriais**, cunhas dimensións de 17,70 m x 51,20 m, destinado a acoller as instalacións comúns necesarias para dotar de servizos industriais o proceso produtivo. Disporá dunha planta baixa destinada a taller e unha planta alta destinada propiamente aos servizos.





- Na parcela P-45:
 - **Aparcadoiro** das instalacións cunha capacidade de 190 prazas.
 - **Edificio de acceso** para o persoal, comunicado co edificio principal mediante pasarela.
 - **EDARi** das instalacións.

En canto ás superficies construídas, son da orde de 27.531,42 m² para a agrupación de parcelas (P-37 + P-38 + P-46 + P-47) e 425,48 m² para a parcela P-45. Non se prevé a necesidade de realizar ningunha demolición sobre a parcela. O perímetro das parcelas quedará delimitado por un peche de formigón armado e malla metálica sobre este, e nalgún caso optarase por un peche de malla trenzada de simple torsión recollida no terreo con dados de formigón en masa. Respecto aos movementos de terra (desmonte e terrapléns), executaranse os necesarios para que os niveis de edificacións sexan os previstos.

O proxecto contará coas seguintes instalacións: frigorífica, contra incendios, de depuración de augas residuais, de auga, de aire comprimido, de ventilación, de climatización, eléctrica e de xeración de enerxía renovable.


En canto ao consumo de auga, para o ano 5 prevese un consumo diario de 319,25 m³/día, e un consumo medio diario de 167,93 m³/día. A auga empregada nas instalacións proverá da auga da rede, auga tratada na EDARi que se reutilizará para a limpeza de solos e augas pluviais almacenadas. Instalarase unha planta depuradora de augas residuais na parcela oeste, xunto ao aparcadoiro, para reducir a carga biolóxica das augas residuais procedentes da nave de procesado.

Os efluentes industriais procedentes do procesado de pescado e limpeza das instalacións serán tratados na EDARi para a súa posterior incorporación á rede de saneamento municipal. As augas sanitarias e pluviais serán incorporadas respectivamente á rede de saneamento municipal e á rede de pluviais municipal.


As instalacións contarán cunha instalación eléctrica de baixa tensión, cunha potencia total instalada de 3.547 kW. Asemade, proxéctase unha instalación fotovoltaica de autoconsumo sobre a cuberta da nave de procesado de 1.200 kW pico e unha superficie de 6.000 m².

A continuación inclúense os planos do proxecto que proporcionan información relativa á con figuración das instalacións obxecto do proxecto:





Parcelas adquiridas para desenvolver as actuacións proxectadas . Fonte: Documento ambiental



Configuración das instalacións. Fonte: Documento ambiental

3.2. Localización do proxecto

O proxecto localízase no extremo norte do Parque Empresarial de Rianxo (A Coruña), sobre as parcelas P-37, P-38, P-46, P-47 e P-45 adquiridas pola empresa promotora.

Trátase dunha zona industrial caracterizada por un relevo suave sobre a que se asentan diversas naves e terreos baleiros. Ao norte das actuacións proxectadas dispónse unha masa





de arboredo asociada á canle fluvial do río Te. Polo resto das marxes do polígono distribúense os asentamentos de poboación, conformados principalmente por vivendas unifamiliares que se distribúen ao longo das vías de comunicación. A principal vía que comunica o ámbito é a estrada provincial DP-7221 e a autoestrada AG-21.

De conformidade co indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN) no seu informe, o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na zona de actuación do proxecto non se localizan teselas con hábitats de interese comunitario e/ou naturais prioritarios.

No que atinxe aos espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, segundo o recollido na documentación avaliada e o informado pola DXPN, o lugar onde se localizan as instalacións do referido proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Tampouco está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais de conformidade co establecido polo artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia, nin existen zonas húmidas das recollidas no Inventario de humidaís de Galicia creado polo Decreto 127/2008, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaís protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia, e tampouco están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras. O proxecto tampouco afectaría a zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

De acordo ao sinalado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH12) correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas: en canto a invertebrados *Charonia lampas* (V) e *Echinus esculentus* (V), en canto a peixes *Alosa alosa* (V), en canto a anfibios *Rana iberica* (V) e *Hyla arborea* (V), en canto ás aves *Anas crecca* (E1), *Circus cyaneus* (V), *Gallinago gallinago* (E1), *Milvus milvus* (E), *Scolopax rusticola* (V1), *Burhinus oedipnemos* (E), *Puffinus mauretanicus* (E), *Numenius arquata* (E1), *Uria aalge* (E1), *Vanellus vanellus* (E1), *Hydrobates pelagicus* (V), *Phalacrocorax aristotelis* (V), *Rissa tridactyla* (V) e *Haematopus ostralegus* (V1) e en canto a mamíferos *Rhinolophus ferrumequinum* (V), *Rhinolophus hipposideros* (V), *Myotis myotis* (V) e *Phocoena phocoena* (V).

* (E) En perigo de extinción; (V) Vulnerable; (1) Poboación nidificante.

A ampla resolución do inventario (cuadrícula 10x10 km) unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise, pero a dita dirección xeral tivo expresamente en conta, para a realización da análise e conclusión do seu informe, aquelas especies que se poden ver afectadas pola execución do proxecto e as medidas recollidas na documentación que evitan ou minimizan a súa repercusión.





O proxecto está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. Subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio. Localízase sobre unha área definida como potencial, non obstante consonte ao establecido no decreto referido e no IHG, ao non confirmarse a existencia de ningún humedal no ámbito de actuación, non se prevén afeccións sobre a especie.

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o ámbito do proxecto localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística Arousa-Baixo Ulla. Respecto ao Plan de ordenación do litoral (POL), a parcela atópase na unidade de paisaxe 06-03-306 O Burato do Río Te.

Dende o punto de vista hidrolóxico, a zona obxecto do proxecto pertence á Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, concretamente integrase no sistema de explotación N° 5: *Río Ulla e ría de Arousa* do plan hidrolóxico vixente e na bacía pertencente á canle fluvial do río Te. A hidroloxía superficial completase con outras canles fluviais presentes no contorno como son o rego da Fonte do Freso e o regato do Floxo. En relación coas masas de auga subterráneas, as instalacións localízanse sobre a masa de auga denominada A Barbanza (014.003), e no que respecta ás zonas inundables, na área do parque empresarial na que se proxectan as obras está presente Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) con código ES014-CO-05-01-09-01 Regato do Floxo.

No que atinxe aos bens do patrimonio cultural, o proxecto localízase nun polígono industrial, polo que consonte ao informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, nos arquivos desa dirección xeral e nos visores do Instituto de Estudos do Territorio non consta que na actualidade existan bens do patrimonio cultural no ámbito e na parcela na que se vai desenvolver o proxecto.



Localización das instalacións proxectadas. Fonte: elaboración propia





3.3. Características do potencial impacto

En relación ás alternativas estudadas, o promotor no documental ambiental formula as alternativas 1 e 2, baseadas na localización do proxecto, así como a alternativa cero ou de non execución. O promotor desbota esta última alternativa facendo alusión a aspectos como a perda de valor engadido da empresa, a expansión de mercado, as necesidades produtivas das instalacións de acuicultura, a viabilidade económica etc.

A alternativa 1 considera a execución do proxecto como unha ampliación dalgunha ou de varias das plantas existentes da súa propiedade. As limitacións establecidas pola calidade ambiental dos solos sobre os que se executarían estas ampliacións, redundarían na capacidade para acadar os obxectivos pretendidos polo promotor. A alternativa 2 considera a execución do proxecto no parque empresarial de Rianxo. O promotor xustifica a elección desta alternativa posto que lle permite acadar os obxectivos de crecemento planificados, introducir melloras ambientais e diminuír o risco de afección ambiental, dada a execución das instalacións en solo industrial con servizos e superficie adecuadas.

No que se refire ao tamaño e dimensións do proxecto, as superficies construídas por parcela son de 27.531,42 m² para a área composta pola agrupación de parcelas e 425,48 m² para a parcela P-45, que se desenvolven dentro da área pertencente a un polígono industrial e sobre parcelas clasificadas cun uso industrial e uso terciario e industrial de acordo á ordenación vixente no parque empresarial. A área ocupada polo parque empresarial foi obxecto de avaliación de impacto ambiental favorable mediante resolución do órgano ambiental, do 22 de agosto de 2007 (DOG núm. 177 do 12.09.2007).

En relación aos principais impactos sobre o solo, durante a fase de construción estarán asociados aos movementos de terra (desmontes e terrapléns) requiridos para que as edificacións acaden os niveis previstos no proxecto. O promotor indica que a terra vexetal será destinada ao axardinamento de superficies ou xestionadas. Neste senso o órgano competente en patrimonio natural no seu informe establece como consideración o emprego de terra vexetal para a recuperación das zonas degradadas. No tocante á terra de escavación, procedente de niveis edafolóxicos inferiores, considerase o seu posible uso en recheos. Estes movementos de terra quedarán restrinxidos ás superficies das parcelas destinadas a un uso industrial e terciario, e integradas nun polígono industrial, polo que se prevé que o impacto non sexa significativo. Tanto na fase de construción como de explotación, as verteduras ou derrames de substancias tóxicas, combustibles graxas procedentes do mantemento de equipos, maquinaria ou vehículo, constitúen un dos principais episodios de contaminación do solo, pero cun marcado carácter puntual. A depuración dos efluentes de tipo industrial, garante que non se leven a cabo verteduras ao solo sen tratamento.

No tocante ás emisións de partículas á atmosfera, de acordo coa documentación ambiental, débense fundamentalmente aos movementos de terra e transporte de materiais durante a fase de obras. Dada a temporalidade destas actuacións, xunto coas medidas que o promotor ten previsto adoptar, fan que o impacto previsible sobre a calidade do aire non sexa significativo. Por outra banda, o impacto pola emisión de gases contaminantes procedentes do combustible empregado na maquinaria e vehículos durante a fase de obras, e en menor medida durante a fase de explotación, vinculada ao transporte dos traballadores e mercancías, constitúe un impacto negativo pero temporal e recuperable. As posibles emisións de gases vinculados a fugas de glicol e NH₃, procedentes do sistema de





refrixeración, son consideradas puntuais e de carácter accidental, polo que non producen un impacto significativo sobre a calidade do aire.

Ademais hai que ter en conta que ao tratarse dunha actividade potencialmente contaminadora da atmosfera, está suxeita ao réxime das preceptivas actuacións inherentes a esa clasificación en función das súas características e onde, se é o caso, o organismo competente establecerá as medidas e condicións axeitadas para minimizar as afeccións, como se recolle no condicionado deste IIA.

En canto á posible afección por olores, o potencial impacto derívase da valorización dos produtos pesqueiros e do funcionamento da EDARi. Na documentación avaliada o promotor expón os potenciais focos de cheiros (restos de peixes xerados no proceso, augas de lavado do peixe para o seu proceso, as augas de limpeza da nave para a retirada dos restos e salpicadura ou a EDARi) e as principais medidas a adoptar para reducir o impacto producido polos cheiros, entre as que sinalan que o procesado de peixe se realiza en frío, os restos de peixe se almacenarán nun silo hermético refrixerado con recollida diaria mediante xestor autorizado, o transporte dos restos realizarase en camión frigorífico, as augas de lavado serán conducidas dende os sumidoiros ata a EDARi, e a construción desta última instalación realizarase en edificio cerrado e cunha sala de desodorización. O organismo competente en saúde pública considera satisfeitos os requirimentos que sinalaban nun informe previo en relación ás posibles afeccións por cheiros. Asemade, o informe emitido pola Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral considera a obrigatoriedade de dispoñer dun plan de xestión do olor no caso de que se produzan queixas ou denuncias por olores.

No referente ao cambio climático, prevese a emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) procedentes da maquinaria e vehículos empregados, en todas as fases do proxecto, así como de forma indirecta asociadas á xeración de enerxía eléctrica consumida nas instalacións. As emisións asociadas á maquinaria e vehículos constitúen emisións de carácter puntual e duración temporal, tanto na fase de obras (cunha duración estimada de 18 meses) como na de explotación, que o promotor pretende minimizar con medidas relativas ao mantemento da maquinaria. Por outra banda, o proxecto prevé a instalación de paneis fotovoltaicos sobre a cuberta da nave de procesado, de xeito que se reduce o consumo de enerxía eléctrica procedente de fontes non renovables, así como levar a cabo a monitorización e redución de consumos enerxéticos. Considerando as medidas propostas polo promotor, e as condicións establecidas ao respecto neste IIA, non é previsible que se produzan afeccións significativas neste eido, todo isto consonte ao informado polo órgano competente.

A execución do proxecto produciría un impacto acústico na fase de obra orixinado pola maquinaria a empregar no transporte de materiais, movemento de terras, instalación de equipos e á construción de edificacións. Porén que na vivenda máis próxima ao proxecto se superarían os limiares establecidos para zonas residenciais, de acordo coa documentación avaliada está situación solo se produciría considerando as hipóteses máis desfavorables, e dicir, un funcionamento simultáneo, continuo e a máxima potencia da maquinaria e polo tanto pouco probable. Trátase dun impacto de carácter temporal e que pode ser mitigado coas medidas propostas polo promotor e as condicións incorporadas neste IIA.

Asemade o proxecto inclúe no estudo acústico, unha estimación acústica para a fase de funcionamento, indicando que só se superan os limiares aplicables pola lexislación na vivenda máis próxima en 0,4dB e tendo en conta que os cálculos e as condicións se elevaron ao extremo. O órgano competente na materia informa favorablemente a información





complementaria achegada polo promotor, polo que considerando as medidas propostas polo promotor, o seguimento establecido no plan de vixilancia ambiental e as condicións deste IIA, non se prevé un impacto significativo.

No relativo ás posibles afeccións ao medio natural, á fauna, á flora, aos hábitats e espazos protexidos, o organismo competente informa respecto aos hábitats de interese comunitario ou especies protexidas que non se producirán afeccións directas a estes elementos, dada a localización do proxecto nunha zona antropizada como é o parque empresarial. O dito organismo conclúe que o proxecto é compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, condicionado ao cumprimento dunha serie de consideracións que se recollen neste IIA.

Neste senso, as actuacións proxectadas non se localizan dentro dos límites de ningún espazo natural protexido, nin en ningún espazo protexido Rede Natura 2000, nin se prevén afeccións significativas sobre especies protexidas, sempre que o proxecto se execute conforme a documentación achegada e se teñan en conta unha serie de medidas tendentes a evitar calquera tipo de repercusión e que se establecen no condicionado deste IIA.

Ademais, se ben o proxecto se localiza sobre unha área tipificada como potencial, dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher), non se prevé ningunha afección sobre a especie, ao non confirmarse a existencia de ningunha zona húmida no ámbito de actuación que poida constituir un hábitat da especie.

No que se refire ás posibles afeccións do proxecto sobre a saúde da poboación, refírense fundamentalmente a determinados aspectos xa indicados con anterioridade (emisión de po e partículas, gases procedentes da combustión, ruídos e vibracións, cheiros), os cales son mitigados coas condicións establecidas neste IIA e as medidas establecidas polos organismos consultados. Por outra banda, o órgano con competencias na materia informou en sentido favorable tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, unha vez emendadas as cuestións requiridas nos informes previos.

No que se refire ás posibles afeccións ao dominio público hidráulico (DPH), no ámbito máis próximo das actuacións proxectadas localízase o río Te, estando o ámbito de actuación do proxecto afectado pola zona de policía do dito río. Asemade, na área do parque empresarial no cal se proxectan as actuacións está afectado pola ARPSI con código ES014-CO-05-01-09-01 Regato do Floxo, non obstante a dita ARPSI conta cun nivel de risco moi baixo (Grupo I). As actuacións non afectan a ningunha das zonas húmidas recollidas no inventario de humidaís de Galicia (IHG), e de acordo ao informado polo órgano de bacía non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o mesmo, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións realizadas no seu informe, as cales se inclúen no condicionado deste IIA.

No tocante ao impacto sobre a paisaxe, o proxecto localízase dentro dunha superficie adicada ao desenvolvemento de actividades industriais como é un parque empresarial, polo que consonte ao informado polo organismo competente, non se espera que o proxecto cause un impacto paisaxístico significativo, toda vez que existen construcións con características semellantes nas proximidades e que a visibilidade na zona é baixa, e sempre que se apliquen as consideracións sinaladas neste IIA para acadar unha maior integración paisaxística.





En relación aos residuos xerados polo proxecto, o documento ambiental indica que o proxecto de construción recolle un estudo de xestión de residuos, consonte á lexislación de aplicación, no referente aos residuos de construción e demolición que se orixinen. Asemade garante unha serie de medidas para a prevención e xestión destes. No que atinxe á fase de funcionamento, o documento ambiental recolle a estimación prevista de residuos xerados e medidas como a existencia de "puntos limpos" nas instalacións para as diferentes tipoloxías de residuos, as correspondentes condicións de almacenamento dos residuos ou a entrega a xestor autorizado, así como o modo de xestión e a frecuencia de recollida entre outras consideracións. Neste senso, o plan de vixilancia tamén establece actuacións encamiñadas a garantir a correcta xestión e evitar as posibles afeccións causadas por estes, polo que de acordo con todo o exposto anteriormente e as condicións recollidas neste IIA, non é previsible un impacto significativo neste senso.

En canto ás posibles afeccións ao patrimonio cultural, o organismo competente na materia, e consonte a natureza da localización do proxecto, indica no seu informe que non constan bens do patrimonio cultural no ámbito do proxecto e que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, é non considerando necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír neste IIA.

No referente á vulnerabilidade do proxecto, o estudo relativo a este aspecto que recolle o documento ambiental, realiza unha análise considerando as ameazas externas (inundacións, risco sísmico, tormentas eléctricas, incendios...) e as ameazas internas, para determinar finalmente que a vulnerabilidade é moi baixa. Nesta liña, o órgano competente na materia no seu informe estima un risco de accidentes graves ou catástrofes baixo e considera as medidas protectoras e correctoras correctas.

Finalmente, dende o punto de vista socioeconómico, a implantación de tecido industrial vai ligada a un impacto económico positivo motivado por un aumento do fluxo económico asociado ao incremento do emprego, tanto na fase de obras, caracterizada pola súa temporalidade, como durante a explotación das instalacións. Neste senso o proxecto estima a creación de 100 postos de emprego directos. A isto débese engadir o impacto económico indirecto asociado á actividade como son a xestión de residuos, as empresas subministradoras de materiais ou os empregos asociados á fase de obras.

Ademais de todo o anterior, é importante sinalar que o promotor deseñou e incluíu no documento ambiental o plan de vixilancia ambiental, que recolle as medidas ambientais propostas, para as tres fases do proxecto (construción, explotación e desmantelamento) que se matiza no punto 4.10 deste IIA.

4. Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras, así como o seguimento ambiental destas e propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, así como as condicións que se indican a continuación que complementan, matizan ou subliñan as anteriores. Inclúense nelas as condicións específicas dispostas polos distintos organismos na fase de consultas e cumpriran tamén as que, se é o caso, determinen posteriormente nos correspondentes permisos, licenzas, autorizacións ou concesións.





4.1 Protección da atmosfera, poboación e saúde

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao inicio das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivos similares. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Deberase cumprir cos obxectivos de calidade acústica e niveis de inmisión asociados á área na que se empra o proxecto e ás áreas mais sensibles de acordo coa normativa de aplicación.

4. Cumprirase co indicado no Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que ten por obxecto o establecemento de normas para previr, vixiar e reducir a contaminación acústica na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruídos, constituída pola Lei 37/2003, de 17 de novembro, de ruído e polas súas normas regulamentarias de desenvolvemento, atendendo as remisións que efectúa con respecto á autonómica aclarando e complementando dita normativa básica, naqueles aspectos que o necesiten e establecendo normas adicionais de protección.

5. Tanto na fase de obras como na de funcionamento do proxecto, o promotor levará a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental.

Asemade con carácter previo á fase de funcionamento e durante esta realizaranse medicións sonoras ao abeiro da lexislación que sexa de aplicación e dos requisitos sinalados no parágrafo anterior.

6. Teranse en conta as seguintes medidas para diminuír a contaminación acústica:

- Calquera actividade puntual programable, que poida supor un incremento nos niveis de presión sonora, realizarase en horario de día.
- Organización das operacións de xeito que se cree unha zona de barreira entre a fonte de ruído e as zonas habitadas ou con hábitats sensibles.
- Realizarase un mantemento preventivo de todos os equipos como medida para diminuír o ruído.
- Nos traballos de descarga de materiais ou outras tarefas, nas que existan pezas móbiles que poidan ser golpeadas, terán que existir dispositivos que amortezan e impidan os golpes metálicos.

7. Levarase a cabo o mantemento periódico e axeitado da maquinaria para evitar as folgas,





friccións, desaxustes mecánicos, etc., do seu uso e desgaste e que incrementan o nivel de ruído, e co obxecto tamén de que non se produzan perdas de hidrocarburos e aceites.

8. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor da documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV e vigor.

9. No referente á auga de consumo, deberán cumprirse as normativas referentes á auga de abastecemento e lexionela. Neste senso, a auga de abastecemento ten que ser apta para o consumo humano de acordo co establecido no Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade das augas de consumo humano, o seu control e a súa subministración e deberanse cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexionelose.

10. No caso de que se produzan queixas ou denuncias por olores, a instalación debe dispoñer dun Plan de Xestión de Olor (PXO) que de cumprimento aos seguintes puntos:

- Identificación de fontes de emisión de olores tanto canalizados como difusos. Sinalar con coordenadas nun mapa e describir o proceso concreto susceptible de producir olores e as condicións en que se realiza.
- Describir as medidas postas en marcha en cada fonte para reducir os olores producidos.
- Presentar para a súa aprobación na Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático un plan de mostraxe nas fontes identificados, nos que se detalle o número mínimo de mostras que se van tomar en cada punto e o método de toma de mostras.
- Realizar a toma de mostras e análise de concentración de olor, mediante olfatometría dinámica segundo a Norma UNE-EN 13725 nas fontes definidas no plan de mostraxe empregando unha entidade acreditada tanto para a toma de mostras como para a análise na Norma UNE-EN 17025.
- Calcular as emisións de olor para as fontes consideradas no estudo amosando o cálculo das taxas de emisión e os datos empregados para o cálculo.
- Coas emisións calculadas, realizar unha nova valoración da afección das curvas de isoconcentración de olor sobre os núcleos de poboación próximos tomando como referencia os valores 1,5, 3, 5 e 7 uoE/m³ para o percentil 98 das medias horarias, representando tamén tanto isolíñas de concentración intermedias como superiores en caso de existir.
- Realizar a avaliación da eficacia das medidas postas en marcha, e proposta de medidas correctoras adicionais, de ser necesario.
- Procedemento para a xestión dos posibles episodios de olor de das posibles queixas por olores.
- En función do resultado da avaliación da eficacia das medidas propostas, establecerase a frecuencia de reavaliación do PXO.





4.2. Protección das augas

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas inundables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de bacía competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

2. No caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

3. Segundo o disposto no artigo 53.1 do Regulamento de Dominio Público (RDPH), no dominio público hidráulico os usos comúns especiais e outras actividades non recollidas nos artigos 51 e 52 do dito regulamento, que pola súa especial intensidade poidan afectar á utilización dos recursos por terceiros, requirirán autorización previa do organismo de bacía, debéndose presentar declaración responsable para o exercicio no dominio público hidráulico dos restantes usos comúns especiais.

4. Hai que destacar, ademais, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 do RDPH, a execución de calquera outra obra ou traballo na zona de policía deberá contar coa correspondente autorización administrativa previa ou declaración responsable perante o organismo de bacía, conforme ao artigo 78 e seguintes.

5. Tanto as autorizacións administrativas previas como as declaracións responsables, en función do caso, a tramitar perante o organismo de bacía serán independentes de calquera outra que haxa de ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.

6. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven deste IIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das augas.

7. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e ferramentas nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

8. Ao obxecto de evitar verteduras accidentais de aceites e graxas, durante a fase de obras deberíase de establecer un parque de maquinaria e instalacións auxiliares se estas se contemplan no proxecto.





9. Durante a fase de construción, funcionamento e, se é o caso, abandono da instalación, incluíranse dentro das medidas de vixilancia e seguimento ambiental que procedan, o control da calidade das augas continentais que puideran verse afectadas e se fose necesario aplicaranse as medidas correctoras necesarias para que os parámetros ambientais de calidade da auga sexan correctos.

10. En ningún caso os vertidos de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos en suspensión verteranse directamente sobre o terreo ou nos cursos de auga, polo que se planificarán medidas para anticiparse a estas situacións.

11. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno. Neste senso, durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

12. A eliminación da vexetación do dominio público hidráulico e das súas zonas adxacentes de servidume e policía deberán contar previamente coa preceptiva autorización do organismo de bacía.

13. Deberase ter en conta a existencia na contorna do ámbito de actuación das zonas protexidas recollidas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

14. As actuacións propostas deben incluír Técnicas de Drenaxe Urbano Sostible (TDUS) que limiten o incremento das escorras derivado da impermeabilización do terreo.

15. Para o reemprego de augas residuais depuradas deberase cumprir co disposto a tal efecto no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (TRLA) e no Decreto Real decreto 1085/2024, do 22 de outubro, polo que se aproba o regulamento de reutilización da auga e modifícanse diversos reais decretos que regulan a xestión da auga. Neste senso deberase obter do organismo de bacía o título administrativo que ampare o uso privativo das augas rexeneradas e outro que ampare a produción e subministro de augas rexeneradas.

16. Ao respecto da posibilidade de reemprego da auga de choiva mediante o seu almacenamento nun alxibe ou tanque de tormenta debaixo do aparcamento, terase en conta que calquera aproveitamento de augas, incluído o das augas pluviais que discorran por unha parcela, requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, de acordo ao establecido nos artigos 54 e 59 do Texto Refundido da Lei de Augas.

17. Se como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, se afectase a algunha captación de augas inscritas, deberase contemplar a súa reposición.

18. Calquera modificación das características dunha concesión requirirá a correspondente autorización administrativa previa do órgano outorgante. Consonte ao indicado no parágrafo previo, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións





toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

19. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

20. Para calquera conexión a un sistema público de saneamento requirirá autorización de vertedura ao sistema outorgada pola entidade xestora correspondente, cumprindo co referido a tal efecto no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia e na restante lexislación vixente. As características dos efluentes deben adecuarse ás normas establecidas no dito Decreto 141/2012, do 21 de xuño, e de ser o caso ás ordenanzas de vertido, co fin de garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de depuración. A tales efectos, no caso de que a entidade xestora do sistema de depuración sexa distinta á que xestiona o sistema de saneamento, esta deberá informar con carácter previo e preceptivo a solicitude de vertido, particularmente sobre os caudais e concentracións máximos instantáneos, e a súa duración e medios admisibles da vertedura para a que se solicita o permiso.

21. Calquera vertido, directo ou indirecto, ao dominio público hidráulico ou ás augas continentais deberá contar coa preceptiva autorización do vertido segundo o disposto n artigo 100 e seguintes do TRLA e no artigo 245 e seguintes do RDPH.

22. En canto ás consideracións construtivas dirixidas a garantir a non afectación ao medio fluvial estarase ao disposto a ese respecto nos seguintes criterios técnicos a ter en conta para a actuación proposta:

- Nas fases de construción deberanse propugnar medidas preventivas para evitar que, especialmente en días de choiva, os posibles arrastres de terras poidan ser incorporados ao medio hídrico ben directamente ou a través das redes de drenaxe existentes e de aí ao medio hídrico como, por exemplo, situar os amoreamentos de materiais en zonas sen pendentes e sen interferir nas vías naturais de escoamento, prever a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención ou balsas de decantación e mesmo, de ser necesario, prohibir a execución de traballos de movemento de terras nos días de fortes choivas. Neste mesmo sentido, sería conveniente nos traballos de plantación minimizar ao máximo o lapso temporal entre o estendido da terra vexetal e as plantacións. Amais tamén sería aconsellable revexetar temporalmente todas as parcelas afectadas por movementos de terras no caso de que se prevea demorar as construcións nelas.
- Todas as soleiras das instalacións, incluídas as das zonas de acceso ás mesmas ou calquera outra de tránsito de vehículos ou maquinaria, que puideran entrar en contacto con sustancias potencialmente contaminantes, deberán estar impermeabilizadas de maneira que eviten o risco de filtración e a contaminación das augas subterráneas, asegurando que se impidan perdas por filtración ou por inestabilidade xeotécnica, e garantindo o seu correcto funcionamento durante toda a vida útil da súa estrutura, prevendo as oportunas accións de conservación e mantemento.





- En cumprimento co disposto no artigo 56.7 da Normativa do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, no caso de que os procesos industriais desenvolto nas instalacións inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos que sexan capaces de provocar verteduras accidentais de substancias perigosas, deberanse instalar sistemas de seguridade e obstáculos físicos que impidan eventuais verteduras ao medio receptor ou ás redes de saneamento colectivas.

23. Deberase garantir que as augas pluviais vertidas, non entren en contacto con materias presentes nas instalacións susceptibles de contaminalas. En caso de producirse cambios na natureza das augas pluviais ou afeccións ao medio receptor deberá poñerse en coñecemento da administración competente.

24. Deberase garantir que nas augas subterráneas non se superen os obxectivos medioambientais establecidos na lexislación vixente en materia de calidade das augas, debéndose prestar especial atención ao Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, así como a non superación dos limiares establecidos polo correspondente plan hidrolóxico.

25. En relación aos sistemas e procedementos para diminuír as verteduras:

- En caso de realizarse limpeza periódicas das superficies externas, que poidan ocasionar afeccións ao medio hídrico por arrastres ou vertidos, adoptaranse as oportunas medidas precisas para evitalos.
- Toda a maquinaria ou instalacións que sexan susceptibles de producir derrames de contaminantes líquidos deberán contar con medidas precisas para a contención dos mesmos.
- Non serán realizados no interior das instalacións traballos de mantemento de vehículos que impliquen o manexo de combustibles ou lubricantes sen tomar as medidas oportunas para evitar a afección de posibles derrames, realizándose estes traballos preferiblemente en talleres autorizados.

26. Evitarase toda afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor, debéndose cumprir os obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental en materia de calidade das augas establecidas na lexislación de aplicación, así como a que se derive das normas de aplicación como consecuencia da existencia de figuras de protección na zona de vertido.

27. Cumpriranse as condicións establecidas polo órgano de bacía nos seus informes, as medidas para evitar a afección as augas subterráneas e superficiais pola actividade na parcela e os controis das augas no ámbito das instalacións.

28. No caso de establecerse unha balsa de decantación para o control das augas procedentes de escorregas, a dita balsa deberá contar coas dimensións adecuadas á realidade do volume de auga previsto das escorregas.

29. Se como resultado dos seguimentos realizados, ben dentro do plan de vixilancia e do seguimento ambiental relacionado coa actividade, ou ben dentro dos programas de seguimento do estados das masas de auga existentes en Augas de Galicia, se detecta un incumprimento ou un deterioro dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas





de auga, como consecuencia da existencia ou funcionamento da mesma, o titular deberá propoñer e executar, as medidas que resulten necesarias para reverter a situación de deterioro e garantir o cumprimento dos obxectivos ambientais definidos previa aprobación das mesmas por Augas de Galicia.

4.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao establecido neste IIA. Os movementos de terra na fase de obra limitaranse á zona da nova instalación proxectada, quedando prohibidas a eliminación da vexetación, desmontes ou compactado de zonas que non se vaian a empregar pola maquinaria ou instalacións.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. No caso de que na parcela se realice calquera actuación que implique o movemento de terras, estes materiais deberán ser caracterizados co obxecto de levar a cabo unha correcta xestión destes.

4. O almacenamento de produtos químicos, combustibles e residuos perigosos realizarase sobre cubetos de retención e baixo teito.

5. Manteranse en perfecto estado de revisión os sistemas de seguridade fronte a derrames de substancias perigosas, procedéndose á recollida inmediata de calquera vertedura accidental que puidera afectar ao solo.

6. Revisarase a pavimentación do solo da instalación para asegurarse do seu perfecto estado de mantemento.

7. En caso de realizarse labores de mantementos de maquinaria ou abastecementos de combustible durante a fase de obras, estas realizaranse en zonas adecuadas para tal fin e con solos impermeabilizados. Os residuos que se poidan xerar destas prácticas xestionaranse de acordo á lexislación de aplicación.

8. A circulación de vehículos e maquinaria, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto.

9. Deberase presentar un Informe Preliminar de Situación (IPS) co contido mínimo establecido no anexo II do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, previo ao inicio da actividade, de acordo ao establecido no artigo 55.3 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro. Este informe deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade. A documentación poderá cubrirse a través da aplicación telemática, para o que se deberá dar de alta como usuario e seguir as indicacións. A páxina web para o acceso á aplicación e a seguinte: <http://solos.medioambiente.xunta.es>.

10. Ante calquera posible afección aos solos que puidera xurdir dos procesos como fugas, derrames accidentais, roturas de depósitos, conducións ou calquera incidente derivado da incorrecta manipulación da materiais e residuos, estableceranse as actuacións e plans de





acción para a súa corrección, debendo levar a cabo a recollida inmediata de calquera derrame que puidera afectar ao solo.

11. Nas zonas con almacenamento de substancias perigosas (materias e residuos) deberán realizarse constantes labores de mantemento co obxecto de evitar a infiltración no solo e a afección ás augas subterráneas.

4.4 Residuos

No que se refire a xestión dos residuos, con carácter xeral, ademais do indicado no documento ambiental e para todas as fases do proxecto, terase en conta o seguinte:

1. Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados.
2. Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando o reemprego ou reciclaxe fronte á eliminación en vertedoiro.
3. Lémbrese que debe respectarse en todo momento o principio de xerarquía na xestión dos residuos de tal xeito que os residuos valorizables non poden ser eliminados nun vertedoiro.
4. De ser necesaria a realización de almacenamentos temporais de residuos, adoptaranse as medidas oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, evitando en todo caso producir afeccións ao medio ambiente.
5. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus colectores, manteranse correctamente etiquetados e sinalizados e en correcto estado de mantemento e limpeza.
6. Durante a fase de funcionamento das instalacións disporase de colectores de residuos preferentemente integrados que faciliten a recollida selectiva dos residuos. Levarase a cabo o axeitado mantemento destes colectores.
7. O promotor en ningún caso poderá levar cabo o recheo no lugar de execución con outro residuo que non sexan terras e pedras limpas procedentes da propia escavación ou ben procedentes doutra orixe, neste caso previa tramitación do procedemento MT201D.
8. O contratista encargado das obras de execución do proxecto está obrigado ao cumprimento da normativa sectorial en materia de residuos en relación á produción de calquera tipo de residuo de construción e demolición (RCD) durante a execución da obra, que deberá ser axeitadamente xestionado a través do correspondente xestor de residuos autorizado.
9. A actividade de produción de residuos perigosos en cantidade maior de 10 t/a ou de residuos non perigosos en cantidade superior a 1.000 t/a obrigará á inscrición da empresa construtora de acordo ao sinalado na Lei 7/2022, de 8 de abril de residuos e solos contaminados a través dos procedementos MT986J ou MT986H segundo corresponda.





4.5 Patrimonio natural

1. Se durante a explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a devandita afección e deberán poñerse en contacto co Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

2. O proxecto executarase segundo se recolla na documentación presentada e cumpriranse estritamente os apartados do documento ambiental referidos ao programa de medidas ambientais e o plan de vixilancia ambiental.

3. Vista a posible presenza de fauna catalogadas no ámbito da actuación, debe comprobarse que as actuacións proxectadas non supoñerán afeccións a estas especies, polo que antes de iniciar as obras comprobarase a súa ausencia, e no caso de estar presentes deberase non iniciar ningunha actuación e informar ó Servizo de Patrimonio Natural da Coruña para que adopte as medidas oportunas e, no seu caso, solicitar a correspondente autorización administrativa, segundo recolle o artigo 11 do Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En todo caso, o inicio dos traballos relativo a despeixe, roxa e/ou movemento de terras, levaranse a cabo fóra da época de reprodución e cría das aves, desde marzo a xuño, por ser esta a máis representativa e delicada para a maioría dos vertebrados.

4. Tendo en conta que a actuación se localiza próximo ó río Te debe velarse para que as actuacións proxectadas non afecten a este ecosistema fluvial por ser un dos máis utilizados pola fauna como corredores ecolóxicos. A este respecto, enuméranse a continuación as principais medidas concretas a cumprir:

- Non se producirá ningunha alteración, nin remoción do solo natural fora do ámbito de influencia da zona obxecto das actuacións. Esta medida ten como finalidade non afectar de forma significativa á vexetación de ribeira do río Te. Por conseguinte, delimitarase correctamente o terreo a ocupar polas labores do proxecto, co fin de diminuír a perda innecesaria e a alteración de formacións vexetais polo tráfico de maquinaria. Esta medida de corrección é imprescindible e de carácter preventivo.
- Durante a realización dos traballos, concretamente no movemento de terras, non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas.
- Evitarase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais, coa conseguinte contaminación de augas continentais.
- Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos.
- En todo caso, as augas do río Te non poderán verse afectadas por vertidos procedentes das obras deste proxecto, nin por vertidos durante o seu funcionamento, para non influír negativamente sobre o ecosistema acuático polo que, deberán cumprir, en todo momento (incluso na época de estiaxe), os límites dos





valores dos parámetros establecido polo organismo de conca sobre a calidade das augas.

5. Establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, este será empregado na recuperación de zonas degradadas.

6. Preveranse zonas de provisión e préstamo. Os vertedoiros permanentes e/ou temporais de terras e as instalacións auxiliares situaranse en zonas de mínima afección ecolóxica, paisaxística e de pouco interese natural.

7. Xestionaranse todos os residuos que se xeren en función da súa natureza e de conformidade coa lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.

8. Calquera tipo de restauración vexetal ou axardinamento que se realice, deberá levarse a cabo con especies autóctonas e presentes no entorno, garantindo a integración coa paisaxe e os valores naturais do lugar. En ningún caso se utilizarán especies exóticas invasoras.

4.6 Patrimonio cultural

1. No caso de que por mor do funcionamento das instalacións se producisen afeccións a bens do patrimonio etnográfico, histórico e cultural, deberase poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, quen como organismo competente na materia adoptará as medidas necesarias para a súa protección.

4.7 Integración paisaxística

1. Adoptaranse as medidas preventivas e correctoras necesarias en aras de favorecer a integración paisaxística das instalacións, empregando materiais e cores que non supoñan un foco de atracción susceptible de xerar un impacto visual negativo, buscando unha imaxe que harmonice as novas instalacións no seu conxunto.

2. Nas zonas axardinadas deberanse empregar especies vexetais autóctonas.

3. En relación aos acabados das fachadas da nave, recoméndase consultar a *Guía de cores e materiais de Galicia*, así mesmo, limitaranse as superficies metálicas brillantes, que sexan visibles dende longas distancias, elixindo materiais e cores que suavicen o contraste coa contorna.

4. Buscarase a homoxeneidade no deseño dos paneis e rótulos publicitarios, paneis e sinais (localización, tamaño, forma). Aconséllase aplicar os criterios para espazos industriais da *Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios*.

5. Para o deseño dos elementos definidores do espazo público (pavimentos, mobiliario, alumeado, plantacións, etc.) recoméndase consultar a *Guía de boas prácticas e intervencións en espazos públicos*.

6. O proxecto deberá axustarse ao establecido polas Directrices da Paisaxe de Galicia, segundo o regulado na disposición transitoria primeira do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da Paisaxe de Galicia.





4.8 Protección fronte a accidentes graves ou catástrofes

1. Teranse en conta as recomendacións que o concello de Rianxo ou a administración pública que corresponda, poida ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
2. En caso de que o proxecto estivese afectado polo Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia e/ou estea contemplado dentro das actividades incluídas no Anexo I do Decreto 172/2022, do 6 de outubro, o titular da actividade/proxecto deberá elaborar, implantar, manter e revisar o Plan de Autoprotección, que debe ser redactado por persoal técnico competente capacitado, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente a autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.
3. Para asegurar que os medios contra incendios (activos e pasivos) operan correctamente, o establecemento estará suxeito á realización das pertinentes revisións e inspeccións prescritas pola normativa sectorial de aplicación.
4. En caso de detectarse incumprimentos da lexislación de seguridade industrial de aplicación que puideran repercutir nas condicións normais de funcionamento da instalación procederase á determinación inmediata da orixe do problema e, no caso de persistir, paralizarase a actividade causante da anomalía.
5. Disporanse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios tanto na fase de obras como na de funcionamento das instalacións.
6. O almacenamento de produtos químicos realizarase consonte ao establecido polo RD 656/2017, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Almacenamento de Produtos Químicos a as súas Instrucións Técnicas Complementarias MIE APQ 0 a 10 e demais lexislación de aplicación.

4.9 Medidas de eficiencia enerxética

1. Estableceranse as medidas precisas tendentes a diminuír os consumos enerxéticos e de augas, entre elas, levar a cabo un axeitado mantemento e explotación das instalacións.
2. Tratarase de concienciar ao persoal das instalacións sobre o uso eficiente da auga e da enerxía mediante cursos de formación, carteis ou outros medios.
3. Co obxecto de optimizar o consumo de auga recoméndase a colocación de sensores baixo as billa, sistemas de aforradores de descarga de auga para as cisternas do WC e outros sistemas de uso eficiente en todos os equipos sanitarios que se teña previsto instalar.
4. Levarase un programa de revisión e mantemento das instalacións e dos equipos consumidores de enerxía e auga para asegurar o seu eficaz e correcto funcionamento e que non se produzan perdas.





5. Optimizarase a subministración eléctrica mediante un bo axuste entre os parámetros de contratación e a demanda mediante medidas como o emprego de motores con variadores de frecuencia, iluminación con sensores de paso ou presenza, un adecuado illamento das instalacións etc.

6. Os motores dos vehículos e a maquinaria de obra manteranse accesos unicamente o tempo que sexa estritamente necesario.

4.10 En relación ao seguimento do cumprimento do IIA deberán ter en conta o seguinte:

1. Corresponde ao órgano substantivo, o seguimento do cumprimento do informe de impacto ambiental (artigo 52 da lei 21/013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

2. A este efecto, o promotor adoptará o programa de vixilancia e seguimento ambiental deseñado que garantirá, ademais do cumprimento dos condicionantes e medidas preventivas e/ou correctoras establecidas no IIA e no documento ambiental, o cumprimento dos que establezan os órganos competentes na tramitación sectorial de licenzas, permisos e/ou autorizacións e aqueles outros que, derivados do seguimento, sexa necesario incorporar. Deberá aprobalo previamente o órgano substantivo.

3. Para a elaboración dese programa tomará como base o programa proposto na documentación avaliada, que deberá completarse e adaptarse ao condicionado que se deriva deste IIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (previo ao inicio das obras, durante a execución das obras e durante a explotación) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

É importante indicar que tanto as medidas como o programa de vixilancia e seguimento ambiental deberán quedar definidos a nivel executable, debendo ademais estar presupostados ao igual que o conxunto do proxecto.

4. Tanto a elaboración como o desenvolvemento do programa de vixilancia e seguimento realizarase por persoal cualificado e coa capacidade técnica suficiente de acordo coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior. Se é o caso, todas as mostraxes e análises correspondentes ao control e vixilancia da calidade das augas será realizado e certificado por unha "Entidade colaboradora".

O promotor disporá dun estudo preoperacional de caracterización do medio co obxecto de establecer os valores de referencia para o programa de vixilancia ambiental (PVA) onde se estudarán os aspectos que serán obxecto de seguimento.

5. Ademais, o promotor elaborará un informe de seguimento sobre o cumprimento das condicións e/ou das medidas preventivas, correctoras e compensatorias establecidas e incluírá un listado de comprobación que se fará público na sede electrónica do órgano substantivo.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas neste epígrafe (4. Condicións ambientais), se se manifesta calquera tipo de impacto ambiental non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar os condicionados adicionais que resulten oportunos.





5. Resolución

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

RESOLVE:

De acordo cos antecedentes e como resultado da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada, formular o informe de impacto ambiental do proxecto de planta de manipulación e envasado de peixe no termo municipal de Rianxo (A Coruña) concluíndo que, nos termos recollidos ao longo da presente resolución e sempre que se cumpran, ademais do recollido no documento ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e o programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo desta resolución, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Este informe de impacto ambiental emítese sen prexuízo da obrigaón do promotor de obter todas as autorizacións, licenzas, permisos ou informes que resulten legalmente esixibles.

Mediante o anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia farase público este informe de impacto ambiental, que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e remitirase ao órgano substantivo, para os efectos do artigo 48 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Este informe de impacto ambiental, de conformidade co artigo 47.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicado no Diario Oficial de Galicia, non se houbera autorizado o proxecto no prazo máximo de catro (4) anos desde a súa publicación, salvo que se acorde a prórroga da vixencia do informe de impacto ambiental nos termos previstos na dita lei.

De acordo co artigo 47.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, o informe de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

